NOVEMBRO 2026

Confederación Intersindical Galega
ENSINO

informa

www.cig-ensino.gal

Concurso de traslados 2026

Datas de participación: do 5 ao 26 de novembro de 2026

Datas orientativas da resolución provisional (mediados de marzo) e definitiva (20 de maio de 2027)

Estudo da CIG-Ensino sobre o profesorado participante e datos da úlltima adxudicación



Datas e prazos de interese

Prazo de participación	Do 5 ao 26 de novembro de 2026
Modelo de participación	A solicitude presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta. Pódese cubrir na páxina web da consellaría (CXT) ou a través do formulario normalizado accesíbel na sede electrónica da Xunta.
Vacantes provisionais	A CIG reclamou na Mesa que se coñezan as vacantes no período de participación. A Consellaría comprometeuse a publicar as provisionais o antes posíbel pero sen fixar unha data.
Resolución provisional	Publícase na web da Consellaría.
Reclamacións e renuncias	10 días hábiles desde o día seguinte á publicación da resolución provisional na web da Consellaría. As reclamacións ao baremo poderanse presentar unha vez se vaia facendo público na web da Consellaría, aínda que intentarán fixar un prazo de fin de baremación.
Vacantes definitivas	A CIG reclamou na Mesa que se coñecesen antes de rematar o prazo de RENUNCIAS e RECLAMACIÓNS.
Resolución definitiva	Publícase na web da Consellaría. A resolución provisional está prevista a mediados de marzo e a definitiva sobre o 20 de maio (orientativa).

A ter en conta...

☑ **O CXT 2026/27 é de ámbito estatal** polo que **só se poderán incluír 300 peticións en todos os corpos e poderán concursar docentes de fóra de Galiza, e só nalgunhas especialidades con requisito lingüístico.**

☑ **Só se pode participar por medios electrónicos e con rexistro único en sede.xunta.gal. Haberá dous procedementos electrónicos específicos:**

- ED012A para participar no CXT.
- ED011A (expediente persoal) só no caso de que se queira actualizar ou modificar os datos contidos no mesmo durante o prazo de presentación de solicitudes.

☑ **Para as publicacións (libros e revistas) non se achegan orixinais, só copia da portada e da contraportada.**

☑ **Todo o profesorado sen destino definitivo ten a obriga de participar**, así como aquel que queira solicitar unha **comisión por saúde ou conciliación.**

☑ **O funcionariado en prácticas participa con cero puntos, ordenado pola nota do concurso-oposición, agás quen estea no segundo ano de prácticas e o primeiro gozase de permisos de nacemento/adopción/acollemento.**

☑ **O sistema de petición de vacantes é diferente ao do CADP.** No CXT non se pode, na mesma petición, solicitar no mesmo centro praza ordinaria, con itinerancia e bilingüe. É preciso triplicar a solicitude.

☑ **Este ano tamén hai Concurso de Orientación e de Ensinanzas de Persoas Adultas.**

A importancia do perfil lingüístico galego en todas as especialidades de todos os corpos

Desde a CIG-Ensino demandamos historicamente que **todas as especialidades de todos os corpos teñan perfil lingüístico galego**, co obxectivo de garantir que o profesorado teña as competencias necesarias para desenvolverse axeitadamente no noso idioma.

Esta medida beneficia a todo o profesorado con destino en Galiza, xa que cumpre con ese requisito e garante que quen entre no sistema educativo galego, cando o CXT teña carácter estatal coma este ano, o faga en igualdade de condicións. A día de hoxe só as especialidades de **Infantil, Primaria e Ciencias Sociais** do corpo de mestras e **Historia e Bioloxía** de secundaria, así como **todas as específicas da FP e todas as do corpo de cátedras de música e artes escénicas** teñen como requisito o Celga 4. É obvio que non estendelo a todas é unha clara incongruencia por parte da Consellaría. Euskadi e Catalunya esixen coñecemento da lingua propia. **O feito de que a Consellaría adíe a aplicación do novo Plan do galego até o curso 28/29 ten tamén esta consecuencia no CXT**, dado que para este concurso estatal non se vai exixir o coñecemento do galego a todo o persoal que veña doutra comunidade.

Os alarmantes datos de perda de competencia e uso do galego por parte da poboación infanto-xuvenil publicados polo IGE en 2024 reafirman a necesidade de que o profesorado que imparta clases no ensino público galego demostre o seu coñecemento cando menos co Celga 4.Alén disto, a CIG-Ensino leva anos solicitando **que se valore como mérito dispoñer de titulacións de nivel superior na nosa lingua.** Navarra, Euskadi, o País Valencià, Catalunya e as Illes Balears poden asignar até un máximo de 5 puntos de méritos lingüísticos no apartado 6.7, mentres que Galiza non reclamou este dereito.

Información sobre as prazas de PES nos CIFPs para impartir FP Básica, Inglés profesional e Habilidades comunicativas en lingua estranxeira

Nos últimos anos as prazas para impartir os módulos de Comunicación e Sociedade e de Ciencias Aplicadas na FP básica ofértanse para o profesorado de PES das materias vinculadas aos mesmos. A decisión sobre a especialidade a ofertar (por exemplo, Lingua Galega ou Castelá no de comunicación, ou Matemáticas ou Física e Química no de ciencias, ou outras de ser o caso) vai depender da dirección dos CIFP e da Inspección.

Ademais, desde a implantación dos módulos de Inglés profesional e de Habilidades comunicativas en lingua estranxeira o profesorado de secundaria de idiomas estranxeiros, nomeadamente de Inglés, tamén pode ocupar prazas con horario completo para impartir en Formación Profesional, sexa en IES sexa en CIFP.

As prazas, se non se cobren con solicitudes voluntarias, poderanse adxudicar de oficio. É moi importante ter isto en conta á hora de cubrir a solicitude.

No caso de que se pida por código de localidade e non de centro hai que ter presente que se están a incluír os CIFP de dita localidade

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO
AFÍLIATE
INFÓRMATE DOS TEUS DEREITOS

Concurso para centros con ensinanzas para persoas adultas

- **Publicación: 26 de novembro no DOG**
- **Participación: 15 días hábiles após a publicación no DOG**
- **Reclamacións e renuncias: 10 días hábiles logo da resolución provisional.**
- **Persoal participante: Funcionariado de carreira e en prácticas do corpo de secundaria e de mestras.**

IMPORTANTE: Prioridade na participación conxunta en varios concursos: primeiro adxudícase o de ensinanzas para persoas adultas, despois Orientación e, por último, o Concurso Xeral de Traslados

O concurso de traslados para centros que imparten ensinanzas para persoas adultas é específico e, polo tanto, a Consellaría ten máis marxe que no CXT, que se rexe por unha normativa básica de ámbito estatal.

Con todo, parece lóxico que moitos dos apartados manteñan a mesma puntuación e requisitos que o CXT, pero hai algúns que si deberían mudar, como pode ser **o tope de puntuación noutras funcións docentes ou eliminar a puntuación por postos na Administración.**

Solicitudes da CIG-Ensino

▶ Participación de quen obtivo destino definitivo no último CXT

Solicitamos **que se poida participar sen levar dous anos no destino definitivo** tendo en conta que este concurso non se convoca todos os anos

▶ Requisito lingüístico

É unha vergoña que nun concurso de ámbito galego a Consellaría só esixa o coñecemento da nosa lingua a algunhas especialidades. Ademais, o acordo asinado entre PP e PSdG fai esta medida aínda máis necesaria ao deixar en mans das direccións e dos claustros a decisión sobre que materias se imparten en galego, calquera docente pode ter que impartir a súa materia na nosa lingua. Por iso, todo o profesorado debe ter perfil lingüístico galego. O contrario só xerará máis burocracia e fricción nos claustros.

▶ Puntuar o tempo traballado nas ensinanzas de persoas adultas en IES

Solicitamos que no apartado 7.2. **se puntúe o tempo traballado ao profesorado que imparte toda a súa docencia na ESA ou no Bacharelato para persoas adultas en centros ordinarios,** e non ser excluídos deste apartado que valora precisamente a experiencia con persoas adultas. Abondaría cunha certificación da Inspección Educativa para acreditar este traballo.

▶ Prazas reclamadas pola CIG-Ensino

Reclamamos unha praza de **Bioloxía e Xeoloxía da EPAPU Río Lérez,** xa que sae unha pero precisan dúas. Non temos coñecemento aínda das xubilacións da provincia de Pontevedra, e solicitamos que se revise se hai algunha xubilación máis antes de rematar o ano, xa que hai posibilidade **dunha vacante máis de XeH.**

Solicitamos tamén **unha praza de Lingua Castelá** para dar Lingua Española para persoas estranxeiras para a **EPAPU Berbés de Vigo.**

Cambios nos centros de especial dificultade

A Consellaría trouxo unha nova proposta da Orde que establecerá os centros e postos cualificados de especial dificultade, na que non aparecerán os anexos, senón que se regula que **a relación dos ditos centros e postos se actualizará cada ano e se publicará antes da convocatoria do CXT.**

Comprometeuse a estudar as propostas da CIG-Ensino de que **o posto de responsábel de centros de menos de tres unidades sexa tamén considerado nesta orde para así poder obter puntuación a maiores e incluír as aulas hospitalarias.**

A CIG tamén solicitou que a puntuación se manteña sempre, aínda que non se concurse desde unha praza considerada como tal e pediuse a inclusión dos centros de educación secundaria que contan con aula de educación especial e que se dote de cando menos unha persoa PT con carácter definitivo todas as aulas de educación especial. Non aceptan.

Concurso de Orientación para centros de Infantil e Primaria

- **Publicación: 26 de novembro no DOG**
- **Participación: 15 días hábiles após a publicación no DOG**
- **Reclamacións e renuncias: 10 días hábiles logo da resolución provisional.**
- **Persoal participante: Funcionariado de carreira e en prácticas do corpo de mestras.**

IMPORTANTE: Prioridade na participación conxunta en varios concursos: primeiro adxudícase o de ensinanzas para persoas adultas, despois Orientación e, por último, o Concurso Xeral de Traslados

Seguimos sen unha aposta firme pola atención á diversidade utilizando o concurso específico de orientación como ferramenta para a actualización da rede de orientación, da que temos **a última publicación da Consellaría hai case 20 anos** (corría o curso 2008/2009), non se entende porque non temos xa unha rede negociada e estable.

A verdadeira atención á diversidade pasa por un sistema de orientación actualizado que responda ás necesidades dos centros:

- **Non pode haber unha soa persoa de orientación como responsábel de máis de dous centros.**
- **Seguimos tendo unha alta porcentaxe de orientadoras atendendo máis de un centro.**
- **Todos os centros cunha liña completa teñen que contar con DO propio.**
- **Non se pode variar a adscrición dos centros cada ano en función non se sabe de que criterio.**
- **É vergoñento que o persoal que concurse non teña a seguridade de cales van ser os centros que vai atender, xa que sigue aparecendo que se terá que desprazar aos centros que se lle adscriba.**

Un sistema de orientación con normativa de hai case 30 anos, cos cambios no tipo e número de alumnado nos últimos tempos que condicionan totalmente as aulas na actualidade non é admisíbel nunha Consellaría que só se limita a falar de ser precursora non se sabe de que.

É imprescindíbel a a**ctualización da normativa e de protocolos, a redución da burocracia nos departamentos de orientación, a zonificación dos EOE e a cobertura das súas vacantes, o aumento de PTs e Als, así como persoal auxiliar coidador nos centros que así o soliciten, etc.**

As funcións das persoas responsábeis dos DO son infinitas, inabarcábeis na práctica e inoperativas en moitas ocasións para o alumnado por non dar atendido todas as necesidades. Estamos nun sistema de "batelumes" no que se deixa de facer o importante para atender o urxente.

Insistimos na necesidade de **respectar a ratio de 250 estudantes por orientador/a tanto en primaria como en secundaria.** Seguimos tendo unha única persoa en orientación en centros de 700, 800 e incluso de máis de 1000 alumnos/as.

Ademais de que a redución das ratios en todas as etapas educativas e en todas as ensinanzas é a primeira medida que demostraría unha auténtica preocupación pola atención á diversidade.

Solicitudes da CIG-Ensino

Pedimos,ao igual que no de ensinanzas para persoas adultas, que se modifique o baremo no tope de puntuación noutras funcións docentes e que se elimine a puntuación por postos na Administración, así como que poida concursar quen obtivo destino definitivo no último CXT.

▶ Prazas reclamadas pola CIG-Ensino

- **CEIP María Barbeito de A Coruña**
- **CEIP Bergantiños**
- **CEIP Inmaculada de Ourense**
- **CEIP Virxe do Mar de Narón**
- **CEIP de Marcón de Pontevedra**
- **CEIP as Covas de Meaño**
- **CRA de Meis**

Comparten o departamento de orientación o **CEIP Ponzos e o CEIP Esteiro en Ferrol** con 250 e 187 alumnos e alumnas respectivamente. Solicitamos que cada centro conte coa súa praza de orientación.



Criterios para determinar as vacantes a concurso en secundaria

A CIG-Ensino acudirá ás negociacións nas Xuntas de Persoal provinciais velando porque se manteñan os criterios acordados en 2018 para a convocatoria de prazas definitivas e co obxectivo de que ninguén pase máis de dous anos en expectativa de destino desde que aproba a oposición.

Primeiro. Horario necesario para a oferta de vacantes.

- A primeira vacante ofertarase, con carácter xeral, con 14 horas lectivas, computándose, para estes efectos, as horas de redución por xefatura de departamento.
- A segunda e seguintes vacantes ofertaranse sumando ás 14 horas o horario lectivo establecido en **18 horas** para o persoal funcionario docente pertencente aos corpos de PES, PTFP a extinguir e PESSFP, en aplicación da ***RESOLUCIÓN do 16 de xuño de 2026 pola que se ditan instrucións sobre a xornada semanal do persoal docente no curso académico 2026/27.***

- Poderán ofertarse vacantes cun horario inferior ao establecido nos subepígrafes 1 e 2 nos centros de liña 1 e nos departamentos unipersoais.
- Poderán ofertarse vacantes cun horario inferior ao establecido nos subepígrafes 1 e 2 naquelas especialidades nas que, polo número de horas existentes nos centros, se demore en exceso no tempo a obtención do primeiro destino definitivo polo profesorado en expectativa de destino.

Segundo. Planificación educativa.

As vacantes que se oferten deberán ter o seu funcionamento previsto na planificación xeral educativa.

Terceiro. Cómputo do horario.

De conformidade co establecido no punto anterior, e sempre dentro do cupo asignado a cada centro, para determinar as horas existentes en cada especialidade computaranse as horas:


- *de todas as materias troncais e específicas da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato que se impartan no centro,*
- *as horas de todas as materias de libre configuración autonómica da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato que se impartan no centro,*
- *de Valores Éticos da Educación Secundaria Obrigatoria,*
- *do ámbito lingüístico e social dos Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se impartan no centro,*
- *do ámbito científico e matemático dos Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se impartan no centro,*
- *do Ámbito de linguas estranxeiras dos Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se impartan no centro,*
- *dos desdobramentos de grupos que se estean a realizar no centro,*
- *dos programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas que se estean a realizar no centro,*
- *do ámbito científico-tecnolóxico das ensinanzas da ESO de adultos,*
- *do ámbito de comunicación das ensinanzas da ESO de adultos,*
- *do ámbito social das ensinanzas da ESO de adultos,*
- *de todas as materias do bacharelato de adultos que se impartan no centro,*
- *dos módulos profesionais de Comunicación e sociedade da Formación Profesional Básica,*
- *dos módulos profesionais de Ciencias aplicadas da Formación Profesional Básica,*
- *da redución horaria pola Xefatura de Departamento e aqueloutras que puideran estar atribuídas con carácter permanente a unha especialidade,*
- *dos módulos profesionais de Formación Profesional Básica,*
- *dos módulos profesionais da Formación Profesional de Grao Medio e de Grao Superior do réxime ordinario,*
- *dos módulos profesionais de Formación Profesional de Grao Medio e de Grao Superior do réxime de adultos,*
- *dos módulos profesionais de Formación Profesional do Grao Medio e do Grao Superior da ensinanza a distancia,*
- *dos módulos profesionais de Formación Profesional Dual,*
- *unha previsión dos módulos profesionais atribuídos a cada especialidade na oferta modular,*
- *o módulo profesional de lingua estranxeira,*
- *o módulo profesional de segunda lingua estranxeira.*

Cuarto. Completar horario.

Cando o persoal funcionario docente non poida completar o seu horario lectivo impartindo docencia nas materias, ámbitos ou módulos profesionais atribuídos á súa especialidade no Real Decreto 1834/2008 do 8 de novembro, en aplicación do artigo 8 da Orde do 23 de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, completará o seu horario impartindo docencia noutras materias ou módulos profesionais, coa prioridade que se enumera a continuación na seguinte páxina.

1.- Materias ou ámbitos atribuídos a outra especialidade da que sexa titular.
2.- Materias ou ámbitos para os que teña atribuída competencia docente, de conformidade co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1834/2008 do 8 de novembro, modificado polo Real decreto 665/2015 do 17 de xullo.
3.- Materias atribuídas a unha especialidade á que tería acceso en función dalgunha titulación que se posúa, de conformidade coa orde pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
4.- Outras materias que a xefatura de estudos determine, segundo a organización do centro.
5.- En relación cos módulos profesionais resultará de aplicación o artigo 20 do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, e o artigo 30 do Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo de Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

Quinto- Os criterios que figuran no punto 1 serán de aplicación, coas necesarias adaptacións, ás demais especialidades docentes das ensinanzas de réxime especial.



Como saber que prazas teñen que saír a concurso?

Primaria, Infantil, E. Especial

En Infantil e Primaria están catalogadas. Consulta a información sobre os catálogos de cada centro:

Secundaria, FP, EOI, CMUS e EEAA

Consulta os criterios incluídos nestas páxinas, ratificados pola comisión técnica negociadora no CXT do curso 2018/19 e que seguen vixentes este ano.

A CIG-Ensino

◊ Recollerá e revisará todas as solicitudes de prazas que nos fagades chegar, contrastando as vacantes adxudicadas no CADP que cumpran cos criterios para converterse en definitivas.

◊ Remitirá, en canto as teñamos, as vacantes provisionais a todos os centros e á afiliación para poder levar unha proposta fundamentada ás negociacións nas Xuntas de Persoal.



Información da Mesa Sectorial sobre o CXT

Vacantes e prazos

Solicitudes da CIG-Ensino

▶ **Transparencia na publicación das prazas estruturais e vacantes**. As vacantes deben ser coñecidas antes de que remate o prazo de presentación das instancias, e para iso sería fundamental **ter identificadas as prazas estruturais e non estruturais. As primeiras son as que habería que ofertar ao quedar vacantes por xubilación ou falecemento da persoa titular. As segundas, as que -malia estar ocupadas temporalmente- non se poden ofertar porque están ocupadas por destino definitivo aínda que esa persoa non estea fisicamente nelas** (cargo directivo, asesorías Consellaría, liberacións sindicais...)

A CIG-Ensino volveu demandar, como leva facendo nos últimos anos, que se traia á Mesa Sectorial unha listaxe das prazas de todos os centros para facer unha revisión e determinar cales teñen carácter estrutural para que, posteriormente, nas negociacións que se levan a cabo nas Xuntas de Persoal se determine que prazas teñen que cubrirse no CXT como vacantes ou resultas. Comprometéronse a enviar as vacantes estruturais.

▶ **Corpo de mestres.** Cubrir **todas as prazas catalogadas** nos centros de Infantil e Primaria (protestas deste curso en Melide e en Vigo) e **crear as das aulas habilitadas** para incorporalas neste concurso. Demandamos información actualizada das que hai actualmente, así como o tempo que levan baixo esta figura transitoria. Unha praza habilitada non debería selo durante máis de 2 ou 3 cursos.

▶ **Itinerancias de PT e prazas definitivas de AL nos IES.** Nos IES non hai itinerancias para prazas definitivas no CXT, por iso debe retirarse a referencia aos IES no apartado de itinerancias. E solicitamos a creación de prazas definitivas de AL nos IES.

▶ **Prazas nos CRAs** Solicitamos que todas as prazas dos CRA (tamén EP e EI) sexan itinerantes a efectos do CXT.

▶ **Garantir a máxima mobilidade é dar maior estabilidade aos centros.** O obxectivo acadado pola CIG-Ensino no ano 2018, desbloqueando centos de prazas que estaban vacantes e non se ofertaban no CXT, viuse parcialmente entorpecido ao deixarse de novo todo en mans das direccións territoriais. Queremos un sistema de máximo control e que saian todas as prazas. Para iso **cómpre fixar novos criterios que teñan en conta non só o máximo de 18 sesións lectivas, senón tamén as horas asignadas a coordinacións, titorías, xefaturas de departamento e demais funcións.** Estas asignacións son imprescindibles para determinar o número mínimo de profesorado que precisa cada centro e a súa distribución por especialidades.

Outras cuestións xerais

▶ **Participación no CXT.** Solicitamos a retirada da exixencia de ter que estar dous anos de permanencia nun destino definitivo para volver a concursar. Así como eliminar o requisito de participar no CXT para poder acceder ás comisións de saúde por enfermidade dun familiar.

▶ **Adxudicación de oficio.** Seguimos a reclamar que a **colocación de oficio** estea **limitada á especialidade pola que se opositou.** Solicitamos que tampouco se adxudiquen de oficio nos CEE prazas do corpo de mestras diferentes de PT e AL nin prazas de PES para impartir os módulos da FP Básica, Inglés Profesional ou Habilidades comunicativas en lingua estranxeira nos CIFP.

▶ **Habilitación en Primaria con carácter voluntario.** Esta habilitación faise de oficio por parte da Consellaría. Hai mestras e mestres que non teñen interese nela e que consideran unha desvantaxe que poidan ser obrigadas a impartila ou optar a un destino por ela se son suprimidas. Hai tres anos a Consellaría afirmou que ía reflexionar sobre esta proposta e recoñece que non ten interese en que mestras, por exemplo, de PT ou AL teñan destino de oficio en Primaria. Alegaba que iso implicaba un cambio na xestión interna da Consellaría. Pasado un tempo, nada de nada.

▶ **Dereito de Concorrencia.** Solicitamos que o dereito de concorrencia sexa aplicable a persoal funcionario de distintos corpos

▶ Comisión de avaliación das publicacións e dos méritos artísticos

- *Demandamos que o seu ámbito xeográfico se estenda fóra da cidade de Compostela, como mínimo á súa área de influencia.*
- *Non debe haber nomeamento a dedo, deben de ser a sorteo.*
- *Solicitamos que os membros das comisións sexan substituídos desde o primeiro día no seu centro de destino.*

▶ Prazas con perfil bilingüe. Denunciamos, un ano máis, que **non existe control sobre elas,** adxudicando prazas nas que despois non se imparten aulas nese idioma ou que só teñen unha parte mínima do horario con ese perfil. A CIG-Ensino é partidaria de que, de existiren, **deben estar catalogadas,** tendo en conta o profesorado definitivo do centro e senón deben cubrirse vía destinos provisionais.

Propostas da CIG-Ensino sobre o baremo

▶ Debe puntuarse a substitución de cargos directivos e coordinación de ciclos ou xefaturas de departamentos nos puntos 4.1, 4.2 e 4.3. É un aspecto totalmente **discriminatorio.**

▶ Que puntúen todas as coordinacións. Para iso entendemos que só sería preciso indicar no apartado 4.3 que se puntúan **"outras figuras análogas".** A administración acepta esta petición.

▶ Recoñecemento a todos os efectos (económicos e de puntuación) da xefatura de departamento das segundas linguas estranxeiras diferentes do francés, única recollida actualmente (portugués, alemán). Tamén de departamentos de ámbitos na FP Básica en CIFP ou de familia profesional en CEE. Tampouco puntúan a responsabilidade de biblioteca ou de comedor.

▶ Responsábeis de centros de menos de 3 unidades. Solicitamos que sexan incluídos como postos de especial dificultade e din que o estudarán

▶ Apartado 1.2. Antigüidade no corpo. Mantemos a nosa discrepancia con que ao profesorado de linguas do corpo de PES que impartiu nas EOI non se lle puntúe cando tivo que impartir neses centros obrigatoriamente.

▶ Competencia Dixital Docente. Vai xa case ano e medio da última convocatoria para poder acreditar a CDD polo procedemento de análise e validación de roles e evidencias. Neste período tampouco se habilitou a vía de recoñecemento de títulos oficiais que habilitan para o exercicio da profesión docente. Polo que, neste momento, hai profesorado que non tivo desde hai máis de un ano a oportunidade administrativa de acreditar ou actualizar os seus niveis antes do concurso de traslados. E, nada sabemos do recoñecemento de oficio dos roles. Para garantir a igualdade, solicitamos que se abra con **carácter extraordinario un procedemento de acreditación e actualización das CDD e que se admitan no CXT** aínda que se resolvan despois de que se peche o prazo.

▶ Títulos EOI. Queda especificamente excluído que se poidan puntuar no apartado 5.5. as titulacións de EOI. Solicitamos que cando se presenten dous títulos dun mesmo idioma no apartado 3.3. e 5.5. se poida escoller en que apartado puntuar, aínda que sexa un nivel inferior. A administración non acepta a nosa petición.

▶ Diplomas de lingua de signos. Este ano comezarán a puntuar no apartado 3.3 seguindo a puntuación de idiomas de réxime especial.

▶ Apartado 6. Outros méritos. Hai xa varios anos que levamos indicándolle á Consellaría que debe aclarar que facer en casos como:

- *Puntúan as **composicións** estreadas, tanto se están publicadas como se non o están?. Defendemos que se poida puntuar todo mérito artístico e fixar criterios claros. No caso das publicadas debe esixirse o ISMN como nas publicacións.*
- *Seguimos sen resposta sobre as **publicacións feitas no estranxeiro,** porque poden non ter Depósito Legal ou ISBN e por iso non se están puntuando. Non parece axeitado excluílas. Debe esixirse o requisito equivalente en cada país.*
- *Malia que o Ministerio non incluíra no baremo a **creación e participación en obras dramáticas, audiovisuais e dixitais** entendemos que estas teñen que ter cabida neste apartado.*
- ***Cando se fala de actuacións como director/a, actor ou actriz non se debería limitar a actuacións e concertos.***

▶ Apartado 6.5. Participación nos tribunais. Pedimos que só se aplique a quen sae no sorteo.

Datos de interese relativos ao concurso

Profesorado de Ensino Secundario

Código	Nome	Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2025	Prazas adxudicadas en 2025	Profesorado en expectativa	Profesorado desprazado e suprimido	Profesorado en prácticas
590001	Filosofía	0,0000/ 54,1742	50	0	0	21
590002	Grego	0,0000	7	0	0	0
590003	Latín	34,9498	18	0	0	10
590004	Lingua Castelá e Literatura	26,1498	110	85	0	29
590005	Xeografía e Historia	6,4998/ 62,7166	89	44	0	28
590006	Matemáticas	33,9576/ 33,8496	108	142	3	28
590007	Física e Química	20,3998/ 47,9582	76	45	0	21
590008	Bioloxía e Xeoloxía	25,3998/ 53,8332	57	37	0	20
590009	Debuxo	11,4498	32	0	0	26
590010	Francés	38,2578	37	39	1	11
590011	Inglés	0,0000	174	0	0	77
590012	Alemán	Sen adx.	Sen adx.	1	0	0
590015	Portugués	0,0000	10	1	0	4
590016	Música	8,7998/ 45,6873	23	1	1	15
590017	Educación Física	12,1998/ 24,0830	64	64	1	19
590018	Orientación Educativa	0,0000	37	2	0	15
590019	Tecnoloxía	27,4330/ 25,2326	75	106	0	14
590053	Lingua e Literatura Galega	0,0000	133	11	1	68
590061	Economía	0,0000	40	3	0	5
590101	Administración de Empresas	0,0000/ 12,5498	31	7	2	17
590102	Análise e Química Industrial	33,4498	6	0	0	0
590104	Construcións civís e Edificación	0,0000	10	0	1	7
590105	Formación e Orientación Laboral	0,0000	39	20	1	24
590106	Hostalería e Turismo	0,0000	14	5	0	0
590107	Informática	0,0000	17	12	0	9
590108	Intervención Sociocomunitaria	11,9998	7	2	0	0
590109	Navegación e Instalacións Mariñas	Sen adx.	Sen adx.	2	0	0
590110	Organización e Xestión Comercial	0,0000	10	0	0	11
590111	Organización e Proc. de Mantemento de Vehículos	7,2492/ 59,7998	18	1	0	0
590112	Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica	0,0000	22	1	0	12
590113	Organización e Proxectos de Sistemas enerxéticos	60,9576	3	0	0	0
590115	Procesos de Produción Agraria	28,9496	3	2	0	0
590116	Procesos na Industria Alimentaria	0,0000	9	0	0	0
590117	Procesos de Diagnóstico Clínico e Prod. Ortoprot.	0,0000	12	0	0	0
590118	Procesos Sanitarios	0,0000	13	0	0	0
590119	Procesos e Medios de Comunicación	0,0000	10	0	0	0
590123	Procesos e Produtos de Madeira e Moble	46,6935	4	0	0	0
